



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E OS CONCELLOS DE ALLARIZ E VILAR DE SANTOS PARA O DESENVOLVEMENTO E EXPLOTACIÓN DO PRODUTO TURÍSTICO CENTRO BTT ALLARIZ-VILAR DE SANTOS.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou cos concellos de Allariz e Vilar de Santos o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de catro anos, prorrogable por acordo expreso con polo menos un mes de antelación a súa finalización, por un período de outros catro anos.

Que o presente acordo ten por obxecto establecer o réxime de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e os Concellos de Allariz e Vilar de Santos para o desenvolvemento e explotación do produto turístico denominado Centro BTT Allariz-Vilar de Santos. Este produto está integrado na rede de Centros BTT Galicia de ámbito autonómico promovida pola Axencia Turismo de Galicia, que se atopa actualmente en fase de desenvolvemento.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o acordo que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia correspóndelle o impulso e o desenvolvemento da actividade turística, a mellora do sector turístico, e a creación, implantación e adecuación de novos produtos e recursos turísticos. E especialmente no que se refire ao presente convenio, correspóndelle posibilitar novos produtos turísticos no ámbito rural galego conforme se establecen nos seus fins constitucionais.

Así mesmo as liñas de traballo actuais da Axencia Turismo de Galicia apostan polo impulso do turismo activo nas diferentes comarcas de Galicia, segundo principios de xestión sostible e ligadas á aparición de novas demandas turísticas específicas, neste caso orientadas ao uso e práctica da bicicleta de montaña a través da creación dunha rede de Centros BTT (bicicleta todo terreo). O ciclismo constitúe un medio adecuado para satisfacer as demandas de turistas





que buscan un lecer ligado ao contacto co medio rural, non agresivo coa natureza e que permita á súa vez unha práctica deportiva.

Segundo.- Un centro BTT se define como un produto turístico destinado a promocionar a práctica da bicicleta de montaña. Consta dun ou varios centros de recepción e información (Punto de Acollida), onde se ofrecen servizos tales como alugueiro de material, taller de reparacións, limpeza e outros, así como información turística de carácter xeral sobre o destino e específica das rutas ciclistas. Forman tamén parte do Centro BTT un conxunto de rutas convenientemente sinalizadas que discorren polos arredores do centro e clasificadas pola súa diferente lonxitude e dificultade.

Terceiro.- Os Concellos de Allariz e Vilar de Santos dispoñen dunha oferta variada de recursos paisaxísticos e naturais, arquitectónicos e culturais, así como unha oferta suficiente en servizos e equipamentos de tipo turístico sendo este territorio unha contorna favorable para implantar e desenvolver este novo produto turístico. Desta maneira o Centro BTT Allariz-Vilar de Santos está axudando a mellorar e reforzar o desenvolvemento turístico da comarca. A estes efectos, a Axencia Turismo de Galicia promove a creación dunha Rede de Centros BTT Galicia, creando a seguinte marca rexistrada: “Centro (s) BTT Galicia”.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela
A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

